

Altamira



Revista informativa do Concello de Brión

ANO IV

SEPTEMBRO-88

Nº 11



- CARMEN DE LA SIERRA: Asistente social do noso Concello
- O MONTE: Pequenos avances do asociacionismo
- SANEAMENTO DO GANDO: Concienciación da continua vixancia sanitaria
- TELEVISION: Unha influencia permanente

SUMARIO

EDITORIAL	2
ENTREVISTA	3-4
ACTUALIDADE: O monte empeza a despertar	5
DOSSIER: Saneamento do gando	6-7
NOTICIEIRO	8-12
DIVULGACION: A influen- cia da televisión	13
PASATEMPOS	14

Director:

Xoan R. Pais Andrade

Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso
Afrodisio J. Montero Vieites
Xosé Freire Caamaño
Xácobe Pérez Paz
Dora Mirá Pérez
Luciano Pena Andrade
Maria Xosé Moldes Pose
Xosé Caramés Vázquez

Dep. Legal: C-827-85

Impime: Graficolor Minerva - Polígono del Tambre - Rúa Gutenberg, 5 - Santiago, 1988.

EDITORIAL

Respetalo ben público é unha forma intelixente de preservalo noso interese persoal, pois así contribuímos a crear unha sociedade máis ordenada e xusta baseada no respecto, sen necesidade de recurrir a leis nin obrigas morais senón porque a nosa razón de homes evolucionados así nolo dicta. Se eu perxudico ó meu próximo, é a min mesmo, a quen perxudico finalmente pois, gústeme ou non, non me queda máis remedio que telo en conta, para iso vivo en comunidade e comparto cos demais uns bens que teño o deber de cuidar como se fosen meus, tamén saco proveito deles.

Isto que é unha norma básica de conducta para a maioría da xente, parece que non acaba de entrar na cabeza de algúns —moi poucos afortunadamente— que se ocupan de desbaratar ou dificulta-lo traballo dos demais; e moitas veces nin sequera por maldade senón por deixadez é falta de consideración.

Así como sen un código de circulación o tráfico sería caótico, tamén sen unhas normas elementais de convivencia que sinxelamente nos dicta o sentido común, a vida sería imposible.

Ser solidarios quere dicir ter fe nos demais, en nós mesmos e nas nosas posibilidades, estar dispostos a arrima-lo hombreiro para que todo marche ben.

Ser solidarios é tamén facilita-lo traballo da xente que se dedica ó benestar da sociedade, por exemplo a recollida do lixo; anque pareza mentira hai xente que ten a ocorrencia de tira-los desperdicios da comida, vísceras de animais e outros refugallos no bidón do lixo que, se cadra, ten que esperar unha semana para a súa recollida; ademais de convertirse nun criadeiro de mosquitos e fonte de infeccións, é unha falta de respecto terrible hacia os traballadores que teñen que recolle-lo jco fácil que é desfacerse desas cousas no medio rural, con botarlle terra encima xa está!; ou, alomenos, botalas no bidón de lixo debidamente embaladas.

Comezar a nomear casos de insolidaridade coma este sería o conto de nunca acabar, como o feito de estraga-los camiños para poder entrar máis comodamente nas fincas, sen ir máis lonxe.

Parece que algunha xente cre que, vivir con liberdade, consiste en esixir moitos dereitos e vivir como lle da a real gaña sin ocuparse para nada dos demais, e iso non é verdade; para poder esixir dereitos hai que saber tamén asumir responsabilidades, e para ter liberdade persoal hai que respecta-la liberdade dos demais. Iso de que "a miña liberdade acaba onde empeza a túa" é unha frase moi manida pero certa.

Desde logo, é consolador ver que cada vez hai máis conciencia social, que son os máis os que saben vivir civilizadamente; o que pasa é que as saídas de tono nótanse moito anque sexan poucas. Todos



CARMEN DE LA SIERRA VAZQUEZ, asistente social do noso concello

Carmen de la Sierra Vázquez é asistente social do noso Concello. Desde o ano 1984, durante un día a semán, atende nas oficinas municipais as demandas en canto a servizos sociais que presentan os veciños tanto a nivel individual como colectivo. O traballo desta asistente social, encadrado dentro do departamento de Servizos Sociais que presta o Concello a tódolos veciños, consiste fundamentalmente en coñecer as necesidades da poboación e os recursos existentes para que estes poidan chegar ós usuarios e conseguilo mellor proveito deles.

P.— A asistencia social nace dunha maior preocupación das administracións públicas polo benestar social dos seus cidadáns. Neste sentido ¿que preparación require e que estudos se precisan para exercer esta profesión?

R.— Na actualidade, para cursar os estudos de asistente social, débese acudir ás "Escolas Universitarias de Traballo Social", onde se obtén o título de Diplomado Universitario. Nembargantes, a única escola existente en Galicia para cursar estes estudos está ubicada en Santiago e pertence a un patronato privado. Que eu saiba, a única

escola oficial existente en España está en Madrid. Tódalas demais, Bilbao, León, Oviedo... etc., teñen carácter privado.

P.— ¿Cales son as funcións dunha asistente social?

R.— As funcións que pode desenvolver unha asistente social no ámbito do seu traballo dentro dunha comunidade son moi variadas, nembargantes pódense dividir ou agrupar en dous escalóns. O primeiro escalón estaría formado polos chamados servizos Sociais de Base ou de atención primaria, nos que encadraríamos servizos de información e orientación, servizos de cooperación e promoción social, servizos de convivencia, e finalmente servizos de axuda a domicilio. O segundo escalón estaría constituído polos servizos sociais especializados que comprenden áreas como son a Sanidade, drogodependen-

A Asistencia Social nace dunha maior preocupación das administracións públicas polo benestar social"

cia, alcoholismo, etc.

P.— ¿Desde que ano levas traballando no noso Concello?

R.— O Servizo Social de Base implantouse no ano 1984 ó crearse o Departamento de Servizos Sociais, que pretende mellorar a calidade de vida dos veciños. Aínda que o campo de aplicación do traballo social é moito máis amplo, o traballo que estou a facer é de tipo individual.

P.— ¿Cal é a situación dos Servizos Sociais no ámbito da nosa Comunidade Galega?

R.— Ata o ano 1983, todo o medio rural galego carecía deste Servizo. Tan só certas institucións como o Hospital Xeral, residencias de anciáns, colexios de educación especial, Sanatorio Psiquiátrico de Conxo, así como algunhas empresas privadas dispoñían de asistencia social e polo tanto prestaban este Servizo, aínda de maneira moi limitada. A finais do ano 1983, a Consellería de Seguridade Social e Emigración, convocou corenta e dúas prazas para atender os servizos de atención de base por Comarcas e a nivel de toda Galicia. Esta foi a primeira vez que aquí en Galicia se crean os Servizos Sociais de Base e, polo tanto, teñen aínda unha curta historia.

P.— Ademais de atender este Servizo no noso Concello de Brión tódolos luns, o resto da semana estás a facer este mesmo labor noutros concellos. ¿Cómo é a vosa situación laboral, é dicir, de quen dependedes: da Consellería, dos Concellos, da Diputación...?

R.— A creación destas corenta e dúas prazas levouse a cabo por un concerto entre a Consellería antes citada, que aportaba o setenta e cinco por cento do custo do Servizo, e que na actualidade representa unha porcentaxe menor, e os concellos que aportaban o resto. A nosa situación actual é de contrato anual, no que cada ano, para evitar a complexidade administrativa que supoñería suscribilos todos á vez, vaino suscribindo un só cada ano, de forma rotativa, e encargándose de recoller dos demais a aportación correspondente.

P.— ¿Con que tipos de demandas máis frecuentemente te atopas no noso Concello?

R.— As demandas que con maior frecuencia me prantexan os veciños de Brión son: demandas de información en canto a prestacións a minusválidos, terceira idade, etc. e de tramitación das mesmas. Son frecuentes tamén os casos de problemática de entorno familiar.

P.— ¿Qué tipos de persoas: homes, mulleres, xóvenes, anciáns... etc. acoden con maior frecuencia?

R.— Acoden máis mulleres ca homes e máis vellos e persoas de máis de 40 anos ca xente nova. Esta non acode ó departamento salvo casos de xóvenes nais solteiras ou de carencia de cobertura sanitaria.

P.— Fálanos un pouco do nivel de asistencia Social nos países de Europa e se existe diferenza sustancial co Servizo que se presta en España en xeral, e en Galicia en particular.

R.— Se comparamos o noso Servizo de Galicia co resto das Comunidades de España, en xeral, podemos dicir, que se traballa case ó mesmo nivel e con recursos parecidos. Diferénciase fundamentalmente, en que teñen, sobre todo Cataluña, máis

A Sanidade debería de ser un dereito para todos e estar unificada nun mesmo organismo"

equipos interdisciplinares que traballan moi conxuntados. Aquí en Galicia existen problemas de planificación entre os diversos profesionais, namentras que noutras Comunidades non.

Se nos referimos a Europa, as diferenzas son enormes. En primeiro lugar, a xente europea ten maior nivel de información e concienciación, polo que non se traballa a un nivel tan primario. Ademais, dispoñen de máis recursos e de máis equipos con mellor planificación e dirixidos principalmente á promoción social. Un exemplo moi claro témolo en que a "Beneficencia" está erradicada totalmente desde o século pasado.

P.— ¿Poderías explicar un pouco máis en que consiste a Beneficencia?

R.— A Beneficencia Municipal é un servizo que depende exclusivamente dos Concellos e está concebido para atender a toda aquela xente que está catalogada de pobre ou indixente.

Para esta xente o Concello habilita uns recursos que axuden a paliar as súas principais necesidades, sobre todo no aspecto sanitario. O Concello ten o médico de Asistencia Pública domiciliar e paga as medicinas destes usuarios da asistencia médico-quirúrxica, do Hospital. Desde o meu punto de vista, a Sanidade debería ser un dereito para todos e estar unificada nun mesmo organismo

P.— A poboación galega distribúese nos sectores urbano e rural. Respecto á atención do Servizo Social, ¿cal dos dous sectores está mellor atendido?

R.— No mundo rural galego, cóntase con unha Asistencia Social para varios concellos, presta a atención ás

cousas básicas e non hai continuidade; aínda así, a poboación ten preto de si o servizo pero está lonxe dos recursos que son maiores e de mellor acceso nas cidades.

P.— Co actual sistema de contratación ¿Que porcentaxe de servizo real estades a facer en cada Concello?

R.— Na actualidade, de tódalas funcións que estarían a incluír dentro do Servizo de Asistencia só estamos a desenrolar practicamente as de información, orientación e valoración. Outros servizos como atención ó Colexio, planificación de actividades á terceira idade, servizo a domicilio, etc, non se poden cubrir porque necesitaríase máis tempo de dedicación e hai que pensar que eu estou só un día á semana en Brión.

P.— Fundamentalmente, ¿que medios son máis necesarios en función das demandas que se plantexan maioritariamente: económicos, institucionais, humanos... etc.?

R.— O noso labor fundamentalmente esixe medios económicos. Hai que ter en conta que os vellos son un dos sectores que máis demanda axuda e que o nivel actual das pensións é moi baixo, por iso buscan coas súas solicitudes atopar recursos suplementarios. Neste sentido hai unha opinión xeralizada en torno ó Servizo de Asistencia Social que para moita xente redúcese exclusivamente ó sitio onde arreglan as pensións. Iso dá unha idea de cal é a problemática que máis lles preocupa e o sentido das súas demandas de información.

P.— En xeral, ¿cal é a situación dos nosos vellos no Concello?

R.— Hai que entender que os vellos normalmente plantexan a súa vida como algo a parte da vida dos fillos, e por iso dificilmente plantexan problemas de cuidado ou de soedade. Os casos máis extendidos son os da parella na que un é pensionista. A maioría dos problemas relaciónanse ca falta de recursos económicos a nivel de subsistencia diaria. Nembargantes, algo que nunca plantexan e que a min gustaríame algún día facer un estudo sobre iso, é a situación real da vivenda. Hay casos que son auténticamente horrorosos dada-las condicións de miseria das vivendas.

P.— Fálanos un pouco das diferenzas na problemática do medio rural e do medio urbano.

A xente europea ten maior nivel de información e concienciación, e a Beneficencia está totalmente erradicada"

R.— As problemáticas son totalmente distintas igual que a súa repercusión. En primeiro lugar poñería no medio urbano o problema da toxicomanía, e cando falo disto refírome ó problema das drogas "duras". No medio rural este problema redúcese case exclusivamente ó alcoholismo. Ademais, o problema do alcoholismo no medio rural é un problema encuberto, nunca se plantexa como tal. Está aí e, descúbrense porque escoitas queixas de malos tratos, ou que o marido non entrega cartos na casa para manter ós fillos, pero nunca se aborda directamente o problema.

Otra gran diferenza na problemática urbana respecto á rural é o referente

A coden a este servizo máis mulleres ca homes e máis vellos ca xente nova"

á delincuencia xuvenil.

No campo, os xóvenes aínda que non atopan traballo sempre encontran ocupación na casa. Finalmente, a propia situación dos vellos, á que nos referiamos antes, é distinta. O problema da soedade é máis grave na cidade, pois no campo ún sempre encontra recursos nos propios veciños, cousa que non ocorre nas cidades.

P.— ¿Cómo afectou a crise económica no noso Concello a nivel de vida familiar?

R.— Unha gran parte das familias do noso Concello, sobre todo na parte baixa da Amaía, tiñan un nivel de ocupación fóra da casa alto. Isto traía como consecuencia uns maiores medios económicos que repercutían sobre o nivel de vida que podíase considerar bastante bo. A crise económica limitou moito este nivel de ocupación e reduciu bastante o nivel de vida. Agora hai moita xente que ten que vivir da mesma terra e, por tanto, os recursos son máis escasos.

P.— ¿Qué problemas principais lle atopas á nosa xuventude?

R.— O problema fundamental que presenta a xuventude do Concello é a falta de especialización para poder exercer un traballo. Non hai preparación para poder desempeñar un traballo fóra da casa. Xeralmente terminan a E.X.B. e métense na casa sen facer ningunha outra cousa. Cando preguntas pola profesión de moitos mozos xa maiores, respontan "estar na casa".

—Moitas gracias polas túas respostas.

—A vostedes.



BRION: o monte empeza a despertar

A SITUACION DO MONTE GALEGO, TANTO POLA SUA INADECUADA EXPLOTACION COA CONSEQUENTE FALLA DE RENDEMENTO, COMO POLA SUA DESTRUCCION SISTEMATICA A CAUSA DOS INCENDIOS ESTA A ESPERA DE SOLUCIONS ADECUADAS E URXENTES QUE POSIBILITEN A UTILIZACION DESTE IMPORTANTE SECTOR ECONOMICO PARA O DESENEROLO DA NOSA COMUNIDADE

O 19 de Xaneiro do pasado ano firmábanse en Ons os estatutos de constitución das Sociedades Agrarias de Transformación (S.A.T.) "Mirallós" e "Manxoeira" nas parroquias de Ons e Viceso. Uns meses despois comezaban os traballos de roturación e plantación por parte dos propietarios e hoxe hai unha extensión dunhas 13 Has. de monte repoboado dun xeito racional.

Foi un plan experimental no que se acadaron metas importantes coa colaboración de moitas persoas: Cos propietarios, que entenderon axiña a importancia de leva-la técnica ó monte; con técnicos da Asociación Forestal de Galicia, que puxeron a disposición dos propietarios os seus coñecementos e a súa experiencia forestal; co Concello de Brión, que dende o primeiro momento prestou un apoio total a ese plan experimental, apoio que se plasmou dun xeito material no desplazamento do Alcalde, D. José Luis García, e algún propietario á feira de Silleda para mercar unha desbrozadora que o Concello pon a disposición dos veciños de modo

gratuito.

Hoxe en día pódese afirmar que as dúas asociacións están consolidadas, e como proba delo podemos cita-los traballos de desbroce que na actualidade se están realizando; a concesión do Premio Santiago 1987 por parte da TVE-Galicia; a visita que o pasado 22 de Xullo realizou ás dúas agrupacións o Conselleiro de Agricultura, D. Francisco Sineiro García, manifestando o seu apoio a este tipo de iniciativas; a presenza de propietarios destas dúas agrupacións nos anuncios da campaña de prevención e extinción de incendios que nestes momentos se está a difundir a traveso da TVG.

A influencia que estas inicitivas tiveron no resto dos propietarios do Concello pódese comprobar no feito de que este ano, e por medio das dúas S.A.T. trouxéronse para as dúas parroquias algo máis de 30.000 plantas do Centro Forestal de Lourizán. Isto supón que se plantaron cerca de 20 Has. de monte aproveitando a liña de subvencións que nestes intres hai cara o agro. Pero o máis importante é que se pode ver en case tódalas plantacións o

inicio dunhas mínimas técnicas de selvicultura que á larga rebordarán na calidade, e polo tanto no precio, desta madeira.

Sendo importante o que se fixo no Concello de Brión, é necesario seguir ampliando os traballos no monte naquelas zonas onde os propietarios demanden. Hay que decatarse que a política forestal necesita ter unhas dimensións de horizonte máis amplas que o marco dunha leira. Por todo elo, a Asociación Forestal de Galicia (Propietarios de montes) presentou á Deputación da Coruña un plan de actuación que abarcase os sete Concellos que forman a comarca da Amaia-Barcala e que son: Brión, Negreira, Ames, A Baña, Rois, Val do Dubra e Outes.

Este proxecto denominouse Plan piloto de protección e mellora dos recursos forestais na comarca da Amaia-Barcala. Comezouse a traballar a mediados de Xullo e a duración do proxecto vai ser dun ano. Os obxectivos deste plan piloto serán, entre outros, a loita contra os incendios forestais, a difusión de subvencións, a difusión de técnicas selvícolas entre os propietarios e o apoio técnico á creación de agrupacións de produción forestal.

O día 13 de Setembro celebrouse unha reunión nos locais do Concello para face-la presentación deste plan piloto e acordouse ter uns contactos máis concretos por aldeas ou parroquias nas que os propietarios estean interesados en mellora-lo monte.

*Tino Canosa
Asociación Forestal de Galicia*

O SANEAMENTO DO GANDO EN BRION



- Boa acollida da campaña entre o vecindario
- Confección dun censo exacto da cabaña gandeira
- A sanidade é un dos peares da rentabilidade dunha explotación

O NOSO CONCELLO XA TEN O SEU GANDO SANEADO. DURANTE OS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO, REALIZOUSE A CAMPAÑA DE SANEAMENTO GANDEIRO, QUE ESTE ANO EN BRION —COMA NOUTROS 13 MUNICIPIOS DE GALICIA— FOI DECLARADA OBRIGATORIA POLA CONSELLERIA DE AGRICULTURA.

A todos nos doe polos gandeiros que lles saíron vacas danadas; mais os resultados foron certamente bos, como se pode comprobar no cadro que se achega: en todo o municipio só apareceu o 3,5 por 100 das rexes contaxiadas de tuberculose. Na zona alta do Concello —a máis nidamente gandeira e onde tivera maior incidencia o saneamento voluntario o ano pasado— a porcentaxe baixa ó 2,5 por 100, que se achega á media de enfermidade que se dá por Europa.

Cómpre salientar tamén a boa acollida que tivo a campaña entre o vecindario, pois practicamente non quedou ningunha vaca sen sanear: sinal de que se tomou conciencia da necesidade de traballar con gando san nda correndo o risco de perder algún. A isto contribuíu tamén —e é de lei ecoñecelo— o talante aberto, campechano e de competencia profesional que amosaron en todo momento os que evaron o peso da campaña: os veterinarios Dña. Pilar Mayor García e D. Juan Antonio Soler Herrero, apoia-los polo coordinador D. José Celso

Alvarez García.

CENSO GANDEIRO DE BRION

Aparte do aspecto sanitario, a campaña permitiu dispoñer do censo exacto da cabaña gandeira do noso Municipio. Nos gráficos que siguen van as cifras de cada parroquia.

O primeiro que se comproba é a adicación gandeira da zona alta do municipio: nas parroquias de Luaña, Cornanda, Viceso e Ons concéntranse as dúas terceiras partes das 3.757 vacas existentes, e o máis significativo é que nesta zona cada explotación ten sobre dez vacas por término medio.

Pola contra, os datos da zona baixa

demonstran a preponderancia do sistema de economía mixta: o normal é que cada casa teña un ou varios membros empregados noutros sectores económicos e o gando significa só unha pequena axuda para a economía familiar. Así é que nesta zona sae unha media de tres vacas por explotación, e a cuarta parte ten' unha soa vaca. Explotacións de máis de 10 vacas só existen 10 nas cinco parroquias de Brion, Boullón, Os Anxeles, Bastavales e San Salvador.

Por número de vacas, a parroquia máis gandeira é a de Luaña: 1.017, que supón o 27% do total; a media por estable é de 12 vacas. Chama a atención que os lugares de Vioxo de Abaixo e de Arriba, eles sós, teñen o 11,42% do gando existente no concello e as súas 26 explotacións dan unha media de 17 vacas por explotación.

Sen embargo, Viceso dá a media parroquial máis elevada: máis de 13 vacas por estable.

Reflexións sobre o saneamento

Nas liñas que siguen, imos desenvolver brevemente certos aspectos de interese sobre un dos peares sobre os que asenta a economía dunha explotación gandeira: A SANIDADE, e máis concretamente refiríndonos ás tres enfermidades que tratou de perseguir-la Campaña de Saneamento que se ven de realizar no

Concello de Brion: a tuberculose, a brucelose e a leucose.

TUBERCULOSE BOVINA: CONTROL

Por ser unha enfermidade transmissible tanto para os homes como para os animais do estable, o mellor método para controlala é detectar, mediante campaña de saneamento gandeiro, os

reactores positivos, a súa separación do resto do rebaño e o sacrificio, pois que estes positivos son os que espallan o bacilo causante da enfermidade

polos decomisos que se producen das partes afectadas pola enfermidade.

Aparte disto, ti e mailos teus tamén estades en perigo de serdes

estiveran preñadas de seis meses para adiante.

Tocante á profilaxe, ata hai pouco víñase ou vense utilizando unha vacina para prevención (cepa B19), que se aplicaba a xuvencas e que en boa forma de aplicación protexía 4 ou 5 partos. Pero hai que sinalar que a presenza da enfermidade de forma clínica no establo non respectaría nin ós animais vacunados.

Debido a isto e a que non se utilizou correctamente e deu lugar a diagnósticos erróneos en animais adultos, téndese á súa non utilización e, seguindo as directrices da CEE, as explotacións que queiran conseguilo título de "Oficialmente Indemne de Brucelose", deben ir pensando en deixar de vacunar.

Respecto a esta enfermidade, sería ben que os gandeiros se foran acostumado a envia-lo sangue das vacas ó Laboratorio (en Betanzos) acompañado do número de crotal (pendente da orella), sempre que sospeitaran algo ou cando se produzan abortos de 6 meses en adiante. Mellor aínda sería o envío do feto abortado, pois así é como se identifica ben a brucela; mais isto só o fai o Laboratorio Pecuário de Lugo.

LEUCOSE BOVINA ENZOOTICA

É unha enfermidade que non existía no territorio nacional e que nos veu cos animais importados. Afortunadamente, a súa incidencia é moi escasa; raramente se presenta de forma clínica e só se detecta por análise de sangue, xa que se trata dun linfo-sarcoma maligno das células blandas, como se fora a leucemia nas persoas.

É moi lenta, cun período de incubación de 4-5 anos e soamente se podería sospeitar por un descenso paulatino das producións, que se vai acentuando ó irense avellentando os animais.

*José Celso Alvarez García,
Coordinador da Campaña de Saneamento*

CENSO DE VACAS DE BRION

	Nº de explotacións	Nº de vacas	Media de vacas por establo
ZONA ALTA			
Cornanda	54	370	6,85
Luaña	87	1.017	11,96
Ons	38	248	6,53
Vicoso	68	904	13,29
TOTAL	247	2.539	10,27
ZONA BAIXA			
Brión	81	259	3,2
Boullón	17	84	4,94
Os Anxeles	107	302	2,82
Bastavales	168	528	3,2
San Salvador	18	45	2,5
TOTAL	388	1.218	3,14
TOTAL CONCELLO	638	3.757	5,92

constantemente no ambiente.

Medidas complementarias á anterior serían: establos suficientemente aireados, pastoreo libre e estabulación libre, recría de animais no propio establo procedente de animais sans.

Ten en conta que, aínda que ti non o notes, os animais enfermos de tuberculose producen un 10 ou 15 por 100 menos que un animal san de iguais características, tanto en leite como en carne; tamén hai perdas no matadeiro

contaxiados e logo sensibilizar vós ós animais.

BRUCELOSE BOVINA: CONTROL

O mesmo que a anterior, a súa erradicación faise mediante campaña, aínda que aquí hai que ter en conta que, se ben a tuberculose é moi lenta, a brucelose ten un período de incubación de só días que, en caso de presentarse, produciría unha treboada de abortos impresionante, que afectaría como norma xeral a aquelas nais que

RESULTADOS DO SANEAMENTO

	1987	%	1988	%
Reses investigadas	3.151		3.751	
Reses positivas de tuberculose	386	12,25	136	3,6
Idem. brucelose	37	1	7	0,1
Establos positivos de tuberculose	107	26	81	8,5
Idem. brucelose	5	1,2	4	0,40
Total de establos revisados	410		638	

(Faltan algúns datos de Bastavales)

CONCLUSIONES QUE SE PODEN TIRAR PARA TODALAS ENFERMIDADES DESCRITAS

1.- Que se nos están indo tódolos beneficios da explotación se non témo-los animais sans (perda de leite, de carne, de crias, lactacións descontroladas, maior presenza do veterinario nos establos enfermos, etc.).

2.- Que tódolos efectivos se deben ir revisando unha vez ó ano.

3.- Que hai que empezar a recría-lo gando nacido na casa para así establecer unha liña de vacas de acordo cas características e necesidades da explotación, ó tempo que contribuímos á creación de zonas ou rebaños libres de enfermidades, isto ben entendido que require que, tanto as nais como o semen sexan de primeira calidade.

4.- Cando, pola causa que fora, sexa necesario traer gando doutras explotacións, farase con todo coidado,

asegurarse sempre por un mesmo (non vale fiarse xa de ninguén) dos antecedentes do animal ou animais que se vaian mercar (ve-lo estado da explotación, cantas probas levan realizadas e qué resultados houbo, etc.). Ten en conta que por esta causa moita xente, por capricho, por ignorancia ou por fiarse, boa por terra o traballo de moitos anos.

5.- Procurar desinfectar periodicamente os bebedeiros, as camas, calea-la corte dúas veces ó ano e ten sempre preparado un lugar onde teñas que levar un animal que che faga sospeitar algunha destas enfermidades para que estea aillado do resto.

6.- **NON TE ESQUEZAS DE QUE O UNICO QUE NON SE CONTAXIA É A SAUDE.**

Actividades de verán do grupo de animación cultural



Na metade do mes de agosto levouse a cabo a terceira das actividades programadas por este Equipo de Animación Cultural, que consistiu na realización dun campamento de tres días de duración na localidade de Carnota e ó que asistiron vinte rapaces acompañados nesta ocasión de tres monitores.

Estas xornadas que buscan a participación e a colaboración nas tarefas colectivas nun senso activo máis que receptivo e cooperativo máis que competitivo, persigue, sobre todo, ofertar a nosa mocidade unha saída de verán que posibilite situacións para traballar na convivencia.

Este tipo de actividades son moi interesantes, pois a traveso delas, os participantes comprenden a importancia dunhas relacións equilibradas entre o home e o seu medio, xenerando actitudes cara a unha interacción conscentemente positiva co seu entorno natural e cultural.

TALLER DA NATUREZA E COÑECEMENTO DO MEDIO

Esta actividade, que se estivo a desenrolar nos meses de xuño e xullo durante os sábados, e que contou con unha animada participación de nenos, pretendía que os xóvenes participantes coñeceran en profundidade o medio natural e humano no marco do Concello, así como os equilibrios ecolóxicos nel establecidos e os problemas ambientais que presenta como condicionantes do desenvolvemento da Comunidade.

Finalmente, con motivo da Festa da Froita e da clausura do Obradoiro da Natureza, celebrouse un encontro coa asociación de Oleiros denominada "Grupo Naturalista e Ecoloxista BIOTOPO" cos rapaces de Brión interesados na constitución dunha asociación semellante no noso Concello.

I Xornadas de cine por parroquias

Para este primeiro programa deseñáronse catro sesións, das cales, a primeira foi levada a cabo na parroquia de Brión, no recinto do salón de xuntas da Casa do Concello, o día 23 de setembro, e na que se proxectou a divertida película americana, "Con faldas e a lo loco" que estaba protagonizada pola mítica Marilyn Monroe, e polo veteranos actores de comedias: Toni Curtis e Jack Lemon.

A segunda sesión cinematográfica tivo lugar o mércores, 28 de setembro, na parroquia de Ons, no local do Teleclub, contando para esta ocasión a obra do director Roman Polanski, "Piratas". A terceira sesión de cine foi o día seguinte, o 29 de setembro, na parroquia da Luaña e outra vez no local do Teleclub. Para esta ocasión dispúxose da película dirixida polo destacado director xaponés A. Kurosawa, que ten por título "O cazador".

Próximas actividades

CINEMA POLO NADAL

Estase a face-la programación do II Ciclo de Cinema no Concello de Brión para as vacacións de Nadal. Consistirá o ciclo en proxeccións de películas en pantalla grande polas parroquias de Luaña, Ons, Os Anxeles e Brión, nos mesmos lugares que o I ciclo, celebrado no mes de setembro. As datas das proxeccións son do 30 de decembro ó 6 de xaneiro.

PROGRAMAS DE AXUDAS Ó ESTUDO. 1988-89

O Equipo de Intervención Socio-Educativa ven desenvolvendo, dentro do Plan de Animación Socio-Cultural do Concello de Brión, unha Campaña de Asesoramento sobre a Convocatoria de becas que realizaou o Ministerio de Educación para o presente curso académico 1988-89.

Funcionando os martes, mércores e xoves, procúrase botarlle unha man a tódolos veciños para que poidan cubri-la solicitude. A table asistencia de peticionarios (ata agora 34 casos) ven a confirmar a necesidade deste servizo —nembargantes, hai que lembrar-la seria limitación que supón que non teñan opción a beca segundo a convocatoria ministerial os que queren cursar EXB, ou a beca escolar en centros públicos, porque é xustamente a poboación mandante máis numerosa.

Este servizo terá o remate o día 31 de outubro do 88 por ser este o prazo de presentación dos impresos.

PROGRAMA DE ANIMACION TEATRAL - BRION 1988

O programa desenvolverase a modo de sesións de traballo. Tentaremos crear entre os participantes un clima apropiado para a expresión dramática, procurando que dispoñan de materiais para que nun futuro organicen eles actividades de animación teatral.

- 1.ª Sesión: Xogos de presentación, de desinhibición e divertimento; primeira toma de contacto.
- 2.ª Sesión: A expresión corporal: respiración, relaxación, xogos físicos. O Xogo Dramático.
- 3.ª Sesión: Improvisacións e dramatizacións.
- 4.ª Sesión: Traballo con historias (creación colectiva). Técnicas audiovisuais. Diapositivas e caixa de luz. Sonorización.
- 5.ª Sesión: Sombras chinesas. Representacións. Máscaras.
- 6.ª Sesión-8.ª Sesión: Construción de diversos tipos de monicreques (pasta de papel), representacións.
- 9.ª Sesión: Banda de Música (construción de instrumentos). Feira de xogos.

Datas: 5, 12, 19 e 26 de Novembro, 3, 10, 17, 23 e 30 de Decembro.

INSCRICION: Gratuita, na Casa do Concello, ata o día 2 (mércores) de Novembro.

LUGAR: Casa da Cultura.

HORA: 10-13 h.

IDADE: de 12-18 anos (aprox.).

COTA: 25 persoas.

* Farase un percorrido co bus para recoller ós interesados.



O XORNAL VERDE

Nº 0

VOCEIRO DA MOCIDADE DO CONCELLO DE BRION

SETEMBRO-88

• Elabora: Grupo de Defensa da Natureza "Denociña" (GDND)

• Coordina: Equipo de Intervención Socio-Educativa (EISE)

a fiestra



PRESENTACION

Somos un grupo de mozas e mozos do Concello. O noso nome é Grupo de Defensa da Natureza Denociña. Estamos unidos polo interese de coñecer e defende-lo noso medio natural, e coa intención de profundizar e recuperar feitos e tradicións da cultura popular do noso pobo, xa case esquecidas ou equivocadamente minusvaloradas.

Entre as actividades que xa levamos feitas, figuran a realización do suplemento da revista Altamira que agora tés nas túas mans, a organización de reunións e excursións para coñecer mellor o noso Concello e descubrir outras zonas de Galicia (Ancares, Carnota...), a investigación e recuperación de tradicións populares, xuntanzas con xóvenes e colectivos con inquedanzas similares ás nosas —xa tivemos un encontro con rapaces do grupo Biotopo de Oleiros (A Coruña)—, e outras... Pero son máis as que queremos facer: excursións, campañas de protección de especies beneficiosas, campañas de sensibilización e crítica diante da problemática ambiental do noso entorno (o abandono do bosque, a ausencia de alternativas de traballo dentro do concello, os incendios forestais, a contaminación do río Sar, o tratamento do lixo, son algúns dos temas que nos preocupan), a continuación deste suplemento... Inquedanzas e actividades que queremos abrir á túa participación calquera que sexa a túa idade.

Esperamos a túa colaboración e ofrecémosche as páxinas deste suplemento que quedan abertas ás túas aportacións de escritos, debuxos e fotografías. Para contactar con nós podes dirixirte a: Revista Altamira, Suplemento "O Xornal Verde", Casa do Concello, Brión-Pedrouzos.

Grupo de Defensa da Natureza "Denociña" (GDND), Concello de Brión.

ollo que queima!



• Os incendios forestais en Galicia

Había de ser así. Este número terá por forza que prestar un recuncho para falar unha vez máis da barbarie que ano tras ano, implacablemente, ven machacando os nosos bosques e aldeas. O moito tempo que levan aí, connosco, non conquire que deamos en vérmolos coma algo normal e que hai que aturar resignadamente.

A ninguén se lle escapan os seus máis de dez anos de vida, e que as administracións teñen feito ben pouco por o solucionar, coma o demostra o feito de que a política forestal non ten mudado, cáseque ren, perseverando na repoboación de especies propensas á transmisión do lume; repoboación imprantada, en moitos dos casos, a pesares da resistencia dos viciños, e que esquece os labores de limpeza do mato; coma o demostra o feito de que hai somentes unhas semanas que se asinou un convenio entre a Universidade de Santiago e mai-los organismos competentes da Xunta de Galicia polo que se establecían as bases para desenrolar un traballo de investigación que busque detecta-las causas que están atrás dos incendios forestais no país galego; cando, insistimos, hai máis dunha década que os vimos sufrindo.

Mais non é este tipo de análise o que agora nos interesa. Indo máis cara ós estragos que os incendios ocasionan, salientamos que as perdas económicas directas ocasionadas en produtos forestais están cifradas pola administración en 3.000 millóns de pesetas anuais; a isto hai que engadir que a desaparición dun bosque é a desaparición dunha barreira contra a contaminación, o ruído e o vento; tamén está a masacre da fauna que nas zonas arrasadas habita.

É especial mención hai que facer, xa a nomeamos, da erosión que se produce nunha terra, por unha banda encosta, as máis da veces, e que, coa queima, perderá a cuberta vexetal e se verá, así, espida fronte ás abondosas choivas, que se atoparán con tódalas facilidades para arrastraren a capa máis fértil, empobrecendo e facendo ermo o que denantes era rico, rachando o que noutroa foi a marcha natural dunha rexión, que acabará por ver trocado o seu clima e maila súa configuración paisaxística —cómpre dicir que mentres a natureza tarda un século en rexenerar un ou dous centímetros de chan, a media da terra perdida dispois dun incendio é de 20.000 quilogramos por hectárea—, amais do deterioro de ríos e rías...

• José Ferreira Glez. - Duarte Crestar Pena



arredor

Literatura popular do Concello

A Etnografía é a ciencia que se encarga de estudar os rasgos da cultura popular que non se deprenden nos libros. O seu campo de estudio son as crenzas, ritos, usanzas sociais, métodos de traballo, producións da literatura oral e formas escritas, etc.

Nós, ó longo dos números deste Xornal Verde, adicáremos a recuperar e relatarvos algúns dos

aspectos etnográficos máis interesantes do concello de Brión.

Este labor non sería posible sen a colaboración das persoas maiores, ás que lles quedamos moi agradecidos. Nesta edición foron dous veciños da aldea de Cabanas, na Parroquia dos Anxeles, os que nos referiron a cantiga que a continuación vos relatamos:

*Boas noites Maruxiña.
Hoxe véñote a pedir
tanto como eu che quero
Sin ti non podo vivir.*

*E por moito que me queiras
moito máis che quero eu a ti
todo o día e toda a noite
sempre estou pensando en ti.*

*Dese mal tamén eu sufro
meu amor, meu queridiño
non podo prender no sono
pensando no teu cariño.*

*Pois agora miña nena
contenta podes estar
porque si teu pai nos deixa
pronto nos vamos casar.*

*Co meu pai non hai coida
pro a mala é miña nai
que díxo que me mataba
antes de deixarme casar.*

*Miña nai xa ven por all
está metendo o gando
fálalle con moito xeito
que ten o xenio mui malo.*

*Boas noites miña sogra
véñolle pedi-la filla
se ma dás séntome un pouco
se non márchome axiña.*

*Eu a filla non cha dou
que é mui nova pra casar
soio ten cuarenta anos
e pódemesa estragar.*

O GAITEIRO



M. Serramito

*Alabado sea Deus
o que díxo miña sogra
que fai estraga-la filla
e xa non ten dentes nin moas.*

*Eu téñolle un bo oficio
xa sabe que son gaiteiro
ando de festiña en festa
e gano moito diñeiro.*

*Si eso é o que queredes
casaraste miña filla
haste de encher do Farruco
e máis da súa gaitiña.*

*Arreglaron os papeles
e trataron casamento
e de all a poucos días
casaron moi contentos.*

*Cando saíron da igrexa
dícolle a pobre rapaza:
—Farruco se non reselas
asme ensina-la gaita.*

*Muller espera un pouquiño
porque a teño gardada
eicha de ensinar pola noite
que ei de tocar foliada.*

*Ainda ven non veu a noite,
a nena non se olvidaba
botoulle a vista ó punteiro
xa díxo que lle gustaba.*

*Aquí termina o cortexo
de aquel famoso gaiteiro
que para gañar a rapaza
tocoulle a gaita primeiro.*

• M.^a Xosé Pedrosa Bargo

Oficios artesáns: O zoqueiro

Na pequena aldea de Lamiño vive Manuel Calvo, un home que ós seus 60 anos leva máis de 40 facendo zocos a man, oficio que aprendeu do xa desaparecido Agapito Lago, un verdadeiro mestre de zapatería.

Os zocos son feitos esencialmente con dous

materiais, coiro e madeira de ameneiro. O coiro para que sexa bo debe ser de becerro, de el facíanse os zocos de encargo, pero para as feiras e vender ambulantemente facíanse do peor coiro que había, de vaca ou de cabalo.

de nós



Antigamente os zocos facíanse a man cun ferro de palanga, agora sêrranse nas fábricas tablóns de 11 centímetros que logo pasan a se-los "paus dos zocos", que hai que escobar para que asenten os pés e non fagan calos. Ó principio chamábasele "zoca" ó "pau do zoco" pero tiveron que cambiarlle o nome para non confundilos coas zocas de muller que son todas feitas de madeira na zona de Ourense.

O pau do zoco ten un rebaixe todo ó redor chamado releixo que é onde vai cravado o coiro, e por fora unha tira moi estreita de coiro chamada vira. Na parte do talón, por




dentro, leva outro reforzo tamén de coiro, pero máis duro, chamado contraforte. Na punteira, por fora, vai a viqueira, outro reforzo máis. Logo os oxales e os cordóns, e os zocos están rematados.

Hai anos en Brión había máis de seis ou sete zoqueiros, repartidos entre as aldeas de Lamiño, as Torres e Brión, que facían máis de 400 pares de zocos ó mes e que se vendían a un prezo de 1,50 pts. par. Agora apenas quedan zoqueiros e non se fan máis de dous ou tres pares ó ano (feitos á man), a un prezo que apenas permite obter rendimento

• Delia Toxo Suárez

Os hórreos na parroquia de Viceso



Os datos que aquí se recollen baséanse na observación de máis de 30 hórreos nos lugares de Pousada e Vilar da Parroquia de Viceso. Este é un primeiro avance dun traballo de investigación que ten como fin elaborar un catálogo o máis extenso posible dunhas construcións populares de grande importancia económica e social, e unha das manifestacións máis características da nosa cultura popular. Os cambios na economía e nos costumes que se veñen producindo no medio rural levan ó seu deterioro, ó seu abandono e destrución. Sirva o traballo que aquí comeza como unha chamada par a súa xusta

valoración e preservación como patrimonio de todos.

Os máis de 30 hórreos da Parroquia de Viceso que observamos no noso traballo de investigación teñen como característica común o tellado a dúas augas. É un hórreo mixto, é dicir, feito en pedra e madeira, aínda que se dan casos de construción toda de pedra. A súa planta adoita a forma rectangular ancha ou estreita, predominando o primeiro tipo.

Máis da metade dos hórreos descansan sobre a soleira para eleválos do chan e evitar así máis eficazmente a humidade. Os soportes adoitan ser columnas de pedra ou

cepas de cantería. O tipo de tornarratos máis corrente é o enteiro —bordillo sobresaínte que recorre a planta inferior da cámara do hórreo par evitalo acceso ó gran almacenado por parte de roedores e outras alimañas—, aínda que tamén aparecen os tornarratos de un por pé e de un por dous pés.

A cámara do hórreo soe ser de madeira, aínda que hai tamén algúns de pedra. Os que son de madeira teñen as duelas verticais, mentras os que son de pedra teñen unha abertura vertical e, en tres casos, os sillares teñen dobre abertura vertical. A estrutura dos hórreos mixtos é de cantería.

Agás nuns poucos casos, as portas de acceso soen estaren situadas no penal. Os materiais utilizados na cuberta son a tella do país, como máis abondoso, e a lousa. Os elementos decorativos están realizados en pedra, consistindo en cruces e pináculos. Nalgún caso figura na cruz o ano no que foi feito.

Moitos dos hórreos que observamos xa non se usan para garda-lo millo como era a súa función orixinal, pasando a ser almacéns de leña e de outras cousas. Hai hórreos que pola súa antigüidade, por estar en desuso e polas mesmas condicións climatolóxicas, están en moi mal estado.

• Tere Vidal Cuns

encontros con animais

A Cruza, un enigma • Por Xoan Carlos Paz Seijas


O que nos coñecemos co nome de cruxa chámase noutros lugares de Galicia co nome de coruxa ou ancruxa; en castelán chámasele lechuza común; en portugués, corujas-torres e en catalán óliva.

Para familiarizármonos coa cruxa é necesario esquecer eses ditos que hai sobre ela, que se é un demo ou unha pantasma; aínda que xa sabemos que ten chegado a comer varios rapaces destes que lles gusta desfacerlos niños, collelas crías ou colle-la mesma cruxa que castiga a estes rapaces, non por pracer, senón por defende-la súa existencia.

A cruxa é unha ave que vive practicamente pola noite, xa que durante o día apenas se move, está como adormecida, pero non pensen eses rapaces de malas intencións que poderían collela durante o día, xa que, no caso de que a deran encontrado, correrían o risco de sufrilo seu enfado. Tampouco pensedes que non se pode acercar ninguén xunto a unha cruxa, ben por curiosidade, ben por estudiala ou por calquera outra razón que non lle sexa prexudicial para ela, xa que pode diferenciar moi ben aquela persoa que leva boas intencións de aquela outra que non as leva.

Con respecto á alimentación da cruxa, cabe dicir que ten un menú moi variado, anque non sexa ela que o elixe senón o medio en que se encontra; sole comer ratas, ratos, toupas e algúns paxaros. Os restos dos alimentos que non logra dixerir expúlsaos pola boca en forma de bolo chamado egragópila e, segundo a composición, podemos saber de que animais se alimentou a cruxa.

En canto á reprodución caracterízase porque non fai niño e ten unha soa posta anual de catro a sete ovos sen lograr crialos todos.




(A cruxa: especie protexida)

A cruxa está protexida pola lei —protéxela ti tamén—. Para rematar con este enigma quero dicir que unha cruxa disecada non adorna a túa casa, mentras que cando está viva e libre adorna a natureza enteira.

AS ARBORES

Pino do país (Pinus Pinaster)



O Pinus Pinaster é a especie forestal que predomina no Concello de Brión. A súa habitación é todo o país menos Levante. Necesita chan de mediana calidade e ten preferencia polos silíceos.

As mellores masas atópanse entre os 1000 e 1200 metros de altitude. Ten un porte de 25 a 30 metros e é unha especie de luz, sendo o piñeiro español que ten o crecemento máis rápido, cunha lonxevidade de máis de

dous séculos.

Reprodúcese por diseminación e prende ben por prantación. Ten madeira de mediana calidade e é o piñeiro que máis resina da.

Entre as pragas forestais que o atacan está a procesionaria (Thanmetopoea pityocampa), volvoreta que pon unhas larvas que constrúen bolsóns de seda nas ponlas da árbore e se alimentan das súas iscas ata que esta queda defoliada. E, coma perforadores, os escolítidos, e entre este un escarabelliño que leva por nome Blastophagus Pinepeda, que empeza a saír da hibernación a principios da primavera; mentres que a femia vai abrindo burato e depositando os ovos ós dous lados da galería, o macho vaille sacando serrín. Pasados varios días, nacen as larvas, que fan galerías perpendiculares ás maternas e anelan a árbore, que morre. Esta especie só vai pra aquelas prantas debilitadas por calquera cousa, sobre de todo as que foron queimadas. E doado saber cando esta praga está nunha árbore, porque a súa casca aparece chea de grupos de resina cun burato no medio.

• Xosé Ferreira Glez.



SUBVENCIONADA POLA

CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS

Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Calidade Ambiental



Actividades municipais para vellos e nenos

Estamos acostumados a que os veráns nas nosas aldeas, co aumento das temperaturas, traian moscas e emigrantes, ademais das obrigadas festas parroquiais e algunha que outra romería á que se acode máis ou menos

Os únicos que de certo dispoñen de vagar no verán son os rapaces e, en menor grado, os xubilados. E a estes dous grupos ven adicando o Concello os seus esforzos cunhas ofertas de tempo libre para a estiaxe, que de ano a ano se van consolidando.

A oferta municipal para os nenos no verán concrétase desde hai máis de media ducia de anos nos cursiños de natación e no campamento.

Os cursiños de natación teñen aceptación masiva na poboación infantil: entre os turnos diarios durante o mes de xullo nas piscinas de Brión, os Anxeles e Bastavales, asisten ás prácticas de natación cerca de 400 nenos, entre 5 e 14 anos.

O campamento, con menos aceptación quizais pola "morriña" dos pais máis que pola dos nenos, ten xa acreditada clientela. Este ano participaron, con tempo espléndido uns 60 nenos de idades entre 8 e 12 anos. Celebrouse no colexio público de Porto do Son e, coma tódolos anos, durante a primeira quincena de agosto.

ofrecido por devoción ou por xolda.

Mais entre nós aínda non chegou a ser costume xeralizado emprega-lo verán para o que é norma obrigada noutros lugares: para o "veraneo".

Polo que respecta á terceira idade, xa no número anterior de ALTAMIRA dabamos conta da excursión a San Andrés de Teixido. Entre os días 11 e 13 de xullo realizouse a viaxe a Covadonga. Participaron 96 persoas e entre todos correron unha experiencia desas que

non se esquecen. Responsables do éxito foron: as impresionantes paisaxes que a cada pouco ofrece a xenerosa Asturias, a terra hirmá; a xogalidade dos guías acompañantes: Luís, Mari Carme, Alejandro e Moncho; e o espírito aberto e agradecido de tódolos participantes.

Novos cursos do INEM

Coma nos anos anteriores, o Instituto Nacional de Emprego ten programados novos cursos de formación profesional para o noso Concello. O máis inmediato é o de TRACTORISTAS, que comezará este mes no Teleclub de Ons. De tódalas ofertas que presenta O INEM, é este de Tractoristas a que máis aceptación ven tendo, sobre todo polas mulleres, que aproveitan as súas ensinanzas para logo saca-lo carné de coche, pero tamén para conseguir unha maior capacitación profesional para o manexo da maquinaria agrícola nas súas explotacións.

Proximamente vaise convoca-lo curso de VIVEIRISTAS. Téñense postas moitas ilusións neste curso, non só pola capacitación que recibirán unha mancha de persoas do noso concello afeccionadas ó cultivo das árbores, senón sobre todo porque se pensa que este curso sexa a desculpa para poñer en marcha un viveiro municipal de plantas: froitais, ornamentais e de repoboación. Cando entre nós se empeza a tomar serio interese polo aproveitamento da riqueza forestal, éste é un bo momento para que desde as institucións públicas se apoiem as iniciativas privadas.

Estase celebrando tamén en Viceso, programado polo sindicato Xóvenes Agricultores e pagado polo INEM, o curso de Contabilidade e Xestión de Empresas Agrarias.

Problemas coa cobranza da Contribución

Boa se armou este ano coa cobranza da contribución. Nos tres días fixados para a cobranza no noso Concello, en Brión houbo colas longas, nos Anxeles houbo colas interminables, tivo que intervi-la Garda Civil e ás 6 da tarde fechouse a oficina deixando un número considerable de xente sen pagar e na zona alta quedou a maior parte da xente sen pagar.

A recadación das contribucións rústica, urbana e industrial víñaa facendo a Delegación de Facenda. Este ano fíxose cargo da cobranza a Deputación Provincial, que montou o servicio precipitadamente e ignorando totalmente a realidade de cada concello.

Ó recibi-los edictos, o Concello intentou inutilmente, ante o Recadador primeiro e ante o Presidente da Deputación varias veces, aumentalos lugares e días de cobranza para evita-las colas e as molestias de longos desprazamentos e, alomenos, poñer un día máis en Bastavales e outro na Luaña. Polo de pronto, non fixou os edictos da zona alta ante a irracionalidade de poñer un só día e precisamente en Ons, obrigando ós viciños de Cornanda a desprazamentos de 30 quilómetros.

Nun escrito do Alcalde ó Presidente da Deputación dicíalle: "vostede comprenderá que a nosa xente, gracias a Deus, xa vai estando desacostumada a este tipo de tratamentos vexatorios, maiormente cando se trata de pagar. Tampouco merecía a pena montar un servicio de novo como foi o da Recadación, para prestalo en peores condicións".

O Concello esixiu, e confía en que así se fará, que se poñan novas datas de cobranza de aquí a final de ano e que no futuro mellore o servicio, porque o problema non foi só en Brión, senón en case que tódolos concellos.

Tradicional encontro na romería de Santa Minia



A xoven mártir Santa Minia, vítima da represión do perfecto de Roma ás ordes do emperador Xuliano "O Apóstata", suscitou, xa dende a súa chegada a Brión, unha gran admiración pola súa exemplar virtude, así como unha gran devoción, fruto da fama que rapidamente se estendeu, de milagrosas curacións acaecidas pola súa intercesión.

Tódolos anos é case a mesma visión a que ofrece esta romería, xa que ven a ser un resto vivo dunha manifestación cultural moi característica do pobo galego, que arranca dende fai case cen anos.

Nembargantes, este ano, todos tivemos a ocasión de apreciar algo distinto no cartel anunciador, moi en liña co que se está a facer con outras celebracións moito menos importantes e con moita menos tradición, como é por exemplo, a festa da empanada de Lalín.

O cartel anunciador, feito a todo color polo artista Manolo Aldrey ven a representar, precisamente, todo o contido habitual e tradicional dunha romería galega: a ermida do santo, a paisaxe campestre, a música, a xolda dos rapaces, as vendas ambulantes, as barracas coas diferentes diversións, e o recollemento dos máis devotos.

Case todo o que é importante e destacado nunha cultura leva sempre impreso a impronta que deixa o



Milleiros de romeiros danse cita tódolos anos desde hai case cen anos na carballeira de Santa Minia para honrar á mártir romana traída a Brión por Luis Tobío e convertida en pouco tempo nunha das santas máis veneradas en toda Galicia. Ó amparo da súa intercesión moitos crentes encontran remedio a moitos dos seus males ou consolo ás súas inquedanzas.

paso do tempo en tódalas cousas que sobreviven ás xeracións de homes.

A romería de Santa Minia é case centenaria e, neste sentido, ven a nutrir ese pequeno cartel de romerías dispersas por toda a xeografía de Galicia que sobreviviron ó paso do tempo e nas que se pode ollar aínda a nosa forma de entender e

expresa-la relixiosidade e, por ende, a nosa alma.

Pero, a pesares de toda a tradición, para sobrevivir hai que ir procurando melloras das cousas de tal xeito que aquilo que verdadeiramente é valioso e queiramos conservar, non acabe desaparecendo pola falta de atencións necesarias que esixe a vida moderna.



A maratón da Amaía, celebrada xa por sexto ano consecutivo, reúne a numerosos afeccionados que fan desta competición un encontro de amigos.

A mellora da organización, así como o aumento da participación favorece a alta consideración de que goza esta tradicional proba atlética.

Julio Iglesias y Carmen Vigo, ganadores.

VI Carreira pedestre da Amaía

Como nos últimos anos, as festas de Santa Minia representan para toda a comarca unha cita deportiva de primeira magnitude como é o caso da celebración por sexto ano consecutivo da carreira pedestre da Amaía que atrae a corredores de categoría e de moi distantes puntos de Galicia.

Nesta última competición celebrada o domingo 25 de setembro, nunha espléndida mañá e polo percorrido habitual, os gañadores da proba absoluta foron Xulio Iglesias Miranda do Clube Universitario na categoría de homes, e Carmen Vigo Freire, do clube Confecciones Morono, na categoría de mulleres.

Iniciaron a proba a categoría dos máis pequenos (menores de 10 anos) tendo como gañador a Xosé Arufe Giraldez de Santiago e Ana Mourinho Rey do Milladoiro. Despois desta proba deuse a saída conxunta ó resto das categorías para cubrir un circuito de sete quilómetros a traveso dos distintos lugares da parroquia de Brión.

Os organizadores desta proba: Manuel Gómez, Mariano Val e Manuel Castiñeiras, que realizan o traballo desinteresadamente dende hai varios anos, recibiron a felicitación dos representantes municipais polo perfecto desenrolo da proba, que estivo totalmente exenta de incidentes, e que contou con un novo record de participación, tanto a niveis globais como, sobre todo, nas categorías femininas que aumentou considerablemente este ano, contando en total máis de trinta participantes, cando o habitual era unha presenza practicamente testimonial. Igualmente bateuse o récord de corredores que remataron a proba, un total de 137, o que significa o alto nivel dos corredores participantes, que cada ano vai a máis.

Exito de público e brillante espectáculo nas carreiras de cabalos



Os cabalos son uns animais que teñen catro patas tan longas, tan longas, que lles chegan ata o chan. Fóra o chiste infantil, o certo é que o cabalo foi sempre, desde hai miles de anos, ademais dun seguro e noble compañeiro do home para ben ou para mal, para a paz e para a

guerra.

Hoxe, que a súa utilidade foi substituída polos motores, o cabalo sigue suscitando admiración. Prova delo é a cantidade de espectadores que, ano a ano, reúnen as xa tradicionais carreiras de cabalos polas festas de Santa Minia.

Espectación, beleza e emoción déronse cita un ano máis no noso Concello para presencia-las espectaculares probas, que tiveron lugar en ocasión das festas de Santa Minia e nas que o protagonista principal é o cabalo.

O longo de toda unha tarde, como en anos precedentes, poidéronse presenciar belas e variadas estampas ecuestres nas que tanto cabalos como cabaleiros trataban de ofrecer unha fermosa imaxe de conxunto nas diferentes probas levadas a cabo.

Esta competición que atrae a numerosos afeccionados ó deporte ecuestre de toda Galicia componse de

seis probas: estampa e beleza, trote, andadura, velocidade cabalos do país, velocidade cabalos de raza e velocidade libre.

Nesta ocasión contou con máis de trinta cabalos.

A participación local foi con catorce representantes das máis destacadas. Na proba de velocidade de raza, a máis emocionante de todas obtivo o primeiro premio o veciño de Brión Xosé Manuel Fernández García que, como todos sabemos, ademais de un gran afeccionado, é un dos principais responsables da organización destas probas.

O circuito nesta ocasión estivo disposto nunha gran

explanada de pradería moi cerca do cruce dos Anxeles. As probas de velocidade consistiron en dar tres voltas a todo o circuito que tiña unha distancia de cerca de catrocentos metros.

A proba de estampa e beleza foi gañada brillantemente polo chamativo cabalo "APOLO" do cabaleiro e habitual asistente a este certamen, Paradela Beltrán.

A participación máis numerosa de cabaleiros tivo lugar na proba de velocidade para cabalos do país, na que se celebraron dúas series eliminatorias, antes da celebración da carreira final que tivo como vencedor absoluto o cabalo "Caoba" do xinete Barbazán.

Contratación do mobiliario da Casa da Cultura

Unha grata noticia para tódolos veciños do Concello de Brión é a recente adxudicación da dotación do mobiliario para a Casa da Cultura é empresa do Corte Inglés e que está totalmente financiada pola Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia.

Este mobiliario, que se compón principalmente de mesas, sillas e estanterías para a biblioteca pública, foi deseñado polo mesmo arquitecto que elaborou o proxecto do edificio da Casa da Cultura, César Portela.

Estase a esperar que, proximamente, o citado mobiliario quede debidamente disposto na Casa da Cultura para face-la inauguración oficial do edificio coa programación de diversos actos a levar adiante nunha "Semana Cultural".

A pesares desta obrigada espera (a construción do edificio xa hai máis dun ano que está rematada), estanse a levar adiante, na Casa da Cultura, dende o verán deste ano, diversas actividades programadas polo equipo de intervención socio-educativa do Concello. Ademais, xa desde o mes de setembro, impártense as clases de gaita, baile e rondalla, que anteriormente estábanse a dar no Colexio de Brión.

A entrada en funcionamento na súa totalidade da casa da Cultura representa a utilización dun importante instrumento de difusión cultural así como a disposición dun recinto que permitirá o seu uso para poder ter desde xuntanzas dos veciños, a todo tipo de actos culturais.

Unha vez posta en marcha a Casa da Cultura o noso Concello terá conseguido acrecentar significativamente os medios públicos de axuda á promoción social, así como aumenta-lo patrimonio cultural.

50 millóns en novas obras municipais

A época do verán sole coincidir con unha grande actividade dos servizos municipais de obras que levan adiante, aparte do programa de reparación e bacheo de pistas abertas, numerosos traballos de novos acondicionamentos de camiños. Por un valor de cincuenta millóns de pesetas acometéronse diversos proxectos de bacheos en diversas parroquias do Concello, así como reparación con dobre rega de asfalto de diversas pistas, que suman un total de 22 quilómetros.

BACHEOS

Na parroquia dos Anxeles acondiciónáronse os seguintes camiños dentro das aldeas: Alqueidón, Gosende, Vilanova, O Cabo, Estrar e Soigreja. Na parroquia de



Boullón, as pistas de Tembra e Cantelar. Igualmente foron atendida-las pistas de Ons e Abaixo na parroquia de Ons e Mourentáns en Viceso.

REPARACIONS

Con un previo bacheo procedeuse a unha dobre rega

de asfalto ás pistas de San Salvador a Coruxido; Sabaxáns, Vidaloiso, Babenzo; Telleira a Bastavales; Chave de Ponte; San Salvador, Gándara, Outeiro, Vilanova; Pedra Aguda, Guisande; Liñares a Casal; Subida ó Cantelar; Ons a Feiraco e de Mourentáns a Esparís. Cubriuse de zorra a pista de dous quilómetros de Alfonisn á Graña.

ALUMADO PUBLICO

Con unha inversión de seis millóns de pesetas, o Concello elaborou un programa de mellora do servizo de alumado público, no que se aumentaron os puntos de luz e revisaron algunhas instalacións. Neste programa estiveron incluídas tódalas parroquias de Concello que recibiron deste xeito unha importante mellora.

FONTES E LAVADOIROS

As fontes públicas e os lavadoiros das distintas parroquias beneficiaríanse proximamente dun programa de melloras que ten presupostado a cantidade de catro millóns de pesetas. Fundamentalmente estas obras irán dirixidas á construción de lavadoiros nalgúns lugares que non existen, así como a dotalos de cuberta noutros que carezan dela.

Arreglos na Igrexa dos Anxeles

A igrexa dos Anxeles, xunto coa de Bastavales representan unha das máis ricas mostras arquitectónicas do patrimonio artístico do noso Concello.

Os fregueses dos Anxeles teñen unha das igrexas máis fermosas da Amaía. Delo teñen boa facenda, e con razón.

Neste verán acometeron dúas importantes obras: primeiramente, a renovación total do tellado (armazón de formigón, planchas de uralita e tellas do país); simultaneamente, acometeron a restauración e pintura do retablo maior da igrexa. O presuposto das dúas obras sobordou os tres millóns de pesetas.

De camiño que damos noticia destas obras, ben será recordar algúns datos referentes á construción da igrexa, que tomamos do importante libro de Gloria Gende "El Arte Religioso en la Mahía".

O plano xeral da igrexa sería deseñado probablemente por Francisco Sarela en 1748 e, entre este ano e 1755, levantouse a capela maior e o corpo da igrexa; en 1754,



Domingo Díaz está levantando a torre; a sancristía e o bautisterio constrúense en 1772 e 1773. En 1778, Tomás del Río conclúe as tres capelas. Loxicamente, o estilo do templo é barroco.

O retablo maior da igrexa é un fermoso exemplar neoclásico, executado por Ramón Monroy en 1791.

Próxima conexión da auga no lugar do Tremo

Despois de levar adiante unha costosa obra de infraestrutura na que se estenderon varios quilómetros de tubería, e se recambiou totalmente a conducción de Pedrouzos, estase á espera de remata-la colocación dos contadores da auga da traída a cada veciño para efectua-la conexión da auga para o Tremo, na parroquia dos Anxeles.

Este importante servizo, proxectado o ano pasado a partir dunha iniciativa dos veciños que querían aproveitar-las obras de urbanización desa zona para tendelas conduccións da auga antes da colocación das aceiras, conta, ademais, coa previsión de dúas novas conexións futuras para os lugares de Bans de Abaixo e Lamiño.

Antes de face-la conexión da auga da traída para o Tremo co depósito de auga para moitos máis habitantes.

de Brión, fixéronse tres novas captacións de auga para asegura-lo caudal, que no verán, ocasionaba algunha escasez. Aínda que se teñen previstas novas captacións de auga no caso que fose insuficiente para o suministro de tódolos veciños, é aconsellable observar durante dous anos a evolución dos mananciais para evita-lo seu exceso na temporada de inverno.

O depósito de auga de Brión, que ten unha capacidade para trescentos mil litros de auga, está igualmente previsto conectalo nun futuro á rede da traída do cruce dos Anxeles pois, segundo os técnicos, a capacidade dos depósitos debe se-la suficiente para asegura-lo servizo de auga para dous días. Se temos en conta iso, e o consumo de auga por veciño e día, este depósito ten suficiente capacidade aínda

A INFLUENCIA DA TELEVISION



Coa certeza de que máis do noventa por cento das familias rurais de Galicia xa teñen unha televisión na súa casa, hoxe pódese dicir que este medio de comunicación representa o máis poderoso instrumento de influencia e de uniformización de conductas, gustos, valores, linguaxe e Cultura que ata agora chegou ó medio rural; moi superior incluso á propia escola.

Nos últimos tempos a televisión fíxose a ama de tódalas casas, unha ama autoritaria ás veces que rixe os horarios e a forma de vida da xente.

Lonxe quedan os tempos en que os veciños da aldea se reunían arredor da lareira nas longas noites de inverno, e á luz do candil lian libros ou contaban historias de aparecidos; isto, que parece xa tema folclórico e literario dábase inda non hai moito tempo, eu recordo oírlo contar a meu avó.

Desde logo, dicir que calquera tempo pasado foi mellor é unha tontería romántica sen pés nin cabeza, o mundo evoluciona positivamente, o que pasa, sinxelamente, é que se perden uns valores e se gañan outros e mentres a xente cambia os seus conceptos e modo de vida hai unha certa confusión social.

Durante moitos anos no medio rural vivíuse de forma aillado sen máis preocupacións que as sementeirás, o tempo ou os problemas entre veciños; as cousas que pasaban máis alá da aldea ou do Concello apenas tiñan repercusión na vida monótona e tranquila dos seus moradores, non se ansiaba nada nin se loitaba por nada porque non se coñecía, só se entrevía a

través da emigración, que foi a esperanza de moitos.

De repente, desde hai relativamente poucos anos, podemos ver comodamente sentados nas nosas casas, como os homes poñen o pe na lúa, ou os rituais do té no Xapón, poñamos por caso. O mundo ensánchase para ben ou para mal con tódalas grandezas e miserias; xunto a avances tecnolóxicos asombrosos temos que dixer-las imaxes estarrecentes de nenos morrendo de fame na Etiopía.

Xa non necesitamos comunicarnos cos demais: só con sentarnos diante do televisor se nos dá todo en bandexa, a conversación non é posible, a nosa pasividade é total fronte ó que nos queira amosar a "caixa tonta".

Non é tampouco cousa de descalifica-lo invento, sobre todo nun medio rural como é o noso, xa que para moita xente é o único medio de evasión fronte á cidade que ten tanto en que escoller: cines, teatros, conferencias...

Gracias á televisión, a xente coñece outros medios de vida e ten outras inquiredanzas, e isto sábeno ben os ensinantes que notan o cambio nos rapaces: agora calquera rapaz da aldea pode falar con arrichamento dos máis diversos temas mundiais, están máis

despertos, máis concienciados do que estiveron seus pais e seus avós.

Apenas se notan as diferencias de clase, vaise perdendo a imaxe do rústico patán, a xente adopta un estilo de vida máis parello, segundo o que lle amose a televisión, por exemplo, na forma de vestir ou de divertirse.

Tamén contribúe moito á soltura na linguaxe, primeiro co castelán e agora tamén co galego que podemos mellorar gracias á televisión autonómica; e isto do dominio da linguaxe sempre foi un problema nun país bilingüe coma o noso.

A pesares de todo a televisión mal dosificada ten máis puntos en contra que a favor: por exemplo, a repercusión da publicidade que desperta un afán de consumo cada vez máis forte.

Continuamente nos están bombardeando con imaxes de xente feliz porque posúen isto ou aqueloutro; dicíndonos que se non usas deterxente Patatín que lava máis branco es un fracaso como persoa; en fin, creando en nós necesidades que non temos, frustracións cando non as podemos conseguir e rivalidade no noso entorno por ver quen é capaz de reunir máis bens de consumo.

Os máis pequenos xa están completamente mergullados nesta cultura da imaxe e esixen que se lles dean todas esas cousas que están ahí para facerlle-la vida máis agradable, so pena de causar-lles un trauma irreparable se non se satisfan os seus caprichos.

Hai un risco grande de exceso de credibilidade, de aceptar como dogma de fe todo o que sae pola pantalla. Está comprobado que o seu poder é enorme, que pode levarnos a aceptar uns modos de vida que non van ca nosa forma de ser...

A televisión está ocupando en gran parte o lugar da lectura porque é un medio moito máis cómodo, non necesita exercita-la imaxinación nin a asimilación e a análise que a lectura require, simplemente métenos uns cantos conceptos no cerebro e alí se quedan sen máis; nembargantes para ter ideas propias é necesario informarse antes en fontes fiables e variadas e non apoiarse unicamente nun só medio de comunicación.

Así, hai moita xente que vive de prestado, aceptando as últimas ideas de moda sen preguntarse por qué as cousas son así e non doutra maneira, deixándose levar pola masa uniforme e sen criterio propio na que a televisión nos pode converter.

PINTURA * DECORACION

SANTIAGO OTERO

TODO EN DROGUERIA PAVIMENTOS - MOQUETAS
PAPELES - MURALES
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14-bajo
Teléfonos 563713-594449-884012

SANTIAGO

Construccions

FRAGA

Obras de Albañilería en xeral
BRION



PANADERIA

SERRAMITO

Os Anxeles-Brión
Tel. 88 31 55

PASATEMPOS

SOPA DE LETRAS

Buscar en tódalas direccións posibles (arriba-abaixo; abaixo-arriba; de esquerda a dereita; de dereita a esquerda; e en diagonal) os nomes de dez animais domésticos.

R I S A B E S T A N T O
U N E F I N A R M U O M
S O P O R C O E A B L L
I M L A C E N X C I A A
B E O M I L U I A Y B S
E N S E R B E N V E A I
C O A R A I L A R A C R
E M B C E R I C L T E A
R R I O C O E L L O P E
R U A N A G E P U C A N
O R N A L V I S A O M O
N I E T O C A Ñ I L A G

MULTIPLICACIÓNS CURIOSAS

123456789
x9

111111101

12345679
x9

111111111

987654321
x9

8888888889

98765432
x9

888888888

A HERENCIA DO VIÑADOR

Un viñador deixou á súa morte, 21 barriles de viño para que os repartisen os seus tres fillos a partes iguais, tanto na cantidade de viño como no número de barriles, sen andar para nada co viño.

Os 21 barriles eran iguais, pero 7 estaban completamente cheos, outros 7 estaban só até a metade e os outros 7

estaban valdeiros. O viño era da mesma calidade.

Despois de morre-lo pai, os irmáns puxéronse a face-lo reparto do viño pero non foron capaces sen sacar viño dun dos barriles para outros. Un veciño, enterado do problema, ofrecéuselles para face-lo reparto respetando as condicións postas polo difunto pai. ¿Cómo faría para repartille a mesma cantidade de viño e a mesma cantidade de barriles a cada un dos irmáns?

SOLUCIÓNS ÓS ANTERIORES PASATEMPOS

CADRO MAXICO

2	7	6
9	5	1
4	3	8

6	1	8
7	5	3
2	9	4

8	3	4
1	5	9
6	7	2

A HERENCIA DO ARABE

Solución:

O irmán máis novo pediu prestado un camelo a un veciño e xunto cos outros 17, tendo entón unha manada de 18.

A partires daquí o reparto é moi sinxelo:

Irmán máis vello: a metade de 18 = 9
O seguinte irmán: a terceira parte de 18 = 6
O irmán máis novo: a 9ª parte de 18 = 2
total: 17

Rematado o reparto, devolveulle o camelo ó veciño.



Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83
LOS ANGELES

SANTIAGO

ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS
HORREOS
ESCUDOS
CHEMINEAS
FONTES
BANCOS
ESCULTURAS

MATERIAIS DE
CONSTRUCCION

E. PEDRARES MATO

NINANS - LUAÑA
Teléfono 89 99 74

EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N
TR 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASESORIA LABORAL Y FISCAL

FEYCA

Seguros U.A.P.

Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109
BERTAMIRANS - AMES

Academia "SAR"

(CENTRO OFICIAL DE ENSINO)

Mecanografía e Prácticas de Oficina
(Con expedición de Diploma autorizado)

INFORMATICA: Prepáranse Oposiciones para acceso á Función Pública

INGLES: Recuperacións Escolares:
E.X.B. - B.U.P. e C.O.U.

Avda. da Mahía, 134 - Telf. 88 39 25
BERTAMIRANS

Miele
ordeño

COMAGRO

COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S.L.

INSTALACIONES DE ORDEÑO
REPUESTOS - ACCESORIOS

CRUCE DOS ANXELES - BRION
Teléfono 88 32 50

MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez
Mourentáns - Viceso (Brion)
Teléfono 89 99 51

Fanse presupostos sen compromiso



**LA VASCO
NAVARRA**

SOCIEDAD ANÓNIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º
TELEFONO: 58 48 91
SANTIAGO DE COMPOSTELA

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:
BASTAVALES

SANTIAGO

Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico
Sanitarios - Abonos químicos
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**
SANTIAGO DE COMPOSTELA

FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

José Caramés
Brion (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,
Traídas de Auga, etc.

AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10
SERVICIO OFICIAL

SEAT



YMEL S.L.
MONTAJES ELECTRICOS

SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION
ESTUDIOS. PROXECTOS E PRESUPOSTOS
CONSERVACIONES, REPARACIONES
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS